

**21 Festival da Poesia no Condado.
Ajustiçar a história, ganhar dignidade.
Antologia poética**

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

21 Festival da Poesia no Condado. Ajustiçar a história, ganhar dignidade. Antologia poética (2013 [2007]). A.S.C.D. Condado. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/2545>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

21 Festival da Poesia no Condado. Ajustiçar a história, ganhar dignidade. Antologia poética (2007). A.S.C.D. Condado.

* Edición dispoñíbel desde o 11 de xaneiro de 2013 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

21 Festival da Poesia no Condado
Ajustiçar a história, ganhar dignidade
Antologia poética

Celso Álvarez Cáccamo (14-15-16-17-68)

Jon Benito (Euskal Herría) (18-19-69)

Xabi Borda (Euskal Herría) (20-21-70)

Marica Campo (22-23-24-25-71)

Celso F. Sanmartín (26-27-72)

Pau Gener (Països cataláns) (28-29-73)

Koki (30-31-32-33-74)

Delmar Maia (Moçambique) (34-35-36-37-75)

Lucía Novas (38-35-76)

Manuel Outeiriño (40-41-42-43-77)

Raida Rodríguez Mosquera (44-45-46-47-78)

Ana Romaní (48-49-51-79)

Pedro Antonio Ribeiro (Portugal) (52-53-54-80)

Daniel Salgado (56-57-81)

Roi Vidal (60-61-82)

21 Festival da Poesia no Condado

21 Festival da Poesia no Condado
Ajustiçar a história, ganhar dignidade
Antologia poética

A.S.C.D. Condado, 2007

Desenho e maquetación:

Nadina Bértolo / X.Carlos Hidalgo

Promocionan:

Adegas Galegas, Adegas Fillaboa, Industrias Ferri e Fergari Persianas

Imprime:

Gráficas Juvia

D.L.: C-xxxx-2007

Celso Álvarez Cáccamo (6-7)
Jon Benito (Euskal Herría) (6-7)
Xabi Borda (Euskal Herría) (8-9)
Marica Campo (10-11-12-13)
Celso F. Sanmartín (14-15)
Pau Gener (Països cataláns) (16-17)
Koki (18-19-20-21)
Delmar Maia (Moçambique) (22-23-24-25)
Lucía Novas (26-27)
Manuel Outeiriño (28-29-30-31)
Raida Rodríguez Mosquera (32-33-34-35)
Ana Romaní (36-37-39)
Pedro Antonio Ribeiro (Portugal) (40-41-42)
Daniel Salgado (44-45)
Roi Vidal (48-49)

pañeiras da Sociedade Cultural e Desportiva do es no XXI Festival de Poesía do Condado:

reocupación e a miña denuncia, porque os atrancos e
colectivos e os/as investigadores/as que traballan na
vencidos, están a medrar nos últimos tempos, quen
ntes declaracións do líder do PP, Mariano Rajoy,
ntes eleccións “se va a acabar todo eso de la memoria
ás coñecemos algunhas malas novas ao respecto:

do Grimaldos, autor no ano 2004 dun libro titulado
ransición”, ven de ser denunciado pola familia do que
aquela etapa, o lucense Juan José Rosón.
carei), a familia do ex alcalde falanxista de Cerdedo,
onsable da denuncia alentada contra mín, ven de
manda de conciliación contra o arqueólogo membro
lfredo González Ruibal, por calificar ao devandito
unha páxina web da Universidade americana de

ra Victoria Rodríguez atopa todo tipo de
upo de goberno suñentado pola dereita local para
devalar da Sección Femenina da Falange daquela
ir o montante do “IV Premio de Investigación
ora concedido polo Concello no ano 2006.
eitando o clima revisionista inducido polo grupo de
vocar un acordo municipal unánime para mudar o
osodito Manuel Gutiérrez Torres, grupos fascistas
ez nun ano contra o pequeno monolito erixido
s canteiros cenetistas da parroquia de Figueroa
lugar.

Queridos compañeiros e compañeiras da Sociedade Cultural e Desportiva do Condado; afoutsos participantes no XXI Festival de Poesía do Condado:

Quixera transmitirvos a miña preocupación e a miña denuncia, porque os atrancos e as intimidacións que sufren os colectivos e os/as investigadores/as que traballan na recuperación da memoria dos vencidos, están a medrar nos últimos tempos, quen sabe se influídas polas belixerantes declaracións do líder do PP, Mariano Rajoy, relativas a que, se gaña as seguintes eleccións “se va a acabar todo eso de la memoria histórica”. Deste xeito, días atrás coñecemos algunhas malas novas ao respecto:

En Madrid, o escritor Alfredo Grimaldos, autor no ano 2004 dun libro titulado “La sombra de Franco en la Transición”, ven de ser denunciado pola familia do que foi ministro de Gobernación naquela etapa, o lucense Juan José Rosón.

En Soutelo de Montes (Forcarei), a familia do ex alcalde falanxista de Cerdedo, Manuel Gutiérrez Torres, responsable da denuncia alentada contra mín, ven de recuncar presentando unha demanda de conciliación contra o arqueólogo membro da asociación “Verbo Xido”, Alfredo González Ruibal, por calificar ao devandito rexedor de “presunto asasino” nunha páxina web da Universidade americana de Stanford.

En Ponteareas, a investigadora Victoria Rodríguez atopa todo tipo de impedimentos por parte do grupo de goberno sustentado pola dereita local para realizar o seu traballo encol do devalar da Sección Femenina da Falange daquela vila, ate o punto de non percibir o montante do “IV Premio de Investigación Fermín Bouza Brey”, que lle fora concedido polo Concello no ano 2006.

No propio Cerdedo, e aproveitando o clima revisionista inducido polo grupo de goberno do PP que decidiu revocar un acordo municipal unánime para mudar o rótulo dunha rúa adicada ao susodito Manuel Gutiérrez Torres, grupos fascistas veñen de atentar por terceira vez nun ano contra o pequeno monolito erixido en Pedre, na lembranza de dous canteiros cenetistas da parroquia de Figueroa torturados e asasinados naquel lugar.

En pouco tempo, os casos anteriores engádense a outros tristes exemplos de escurantismo e intolerancia, acontecidos ben na Galiza, ben no resto do Estado español. En consecuencia, a dura carreira de obstáculos para desentrañar a dor e a miseria espaxiados por toda parte tras o esfarelamento da IIª República, remata en máis ocasións das debidas cos humildes monumentos antifranquistas esnaquizados, cando aínda a simboloxía franquista campa polos seus respectos, ou cos investigadores nun Xulgado encausados baixo a Lei de Enxuízamento Civil aprobada polo Goberno Aznar no ano 2001. En realidade, a devandita normativa, esgrimida por achegados aos presuntos represores, salvagarda a suposta honra destes na mesma medida en que pretende disuadir a historiador@s e informantes, coartando o dereito á verdade da cidadanía e a liberdade de creación científica na que se insire o labor dos investigadores. E por se alguén quere saber a miña opinión sobre a tan traída e levada “honra” destes e doutros personaxes, na respectable compañía de Don Benito Pérez Galdós direi que tal atributo é ben acaído para esterocar as veigas, contribuíndo a vizosas colleitas de patacas e repolos. Malia os atrancos e as persecucións, ao longo da vida, certamente hai actitudes que son imperativos éticos ineludibles para non desmentir o que somos, e polas que non se debe agardar premio ou agradecemento ningún.

Mellor aínda expresalo coas verbas dun pensador que soubo enfrontar a barbarie nazi, naquela medianoite na historia que foi o comezo da IIª Guerra Mundial: esto a falar de Walter Benjamin. Aquel xudeu-alemán suicidado na aldea raiana de Port Bou en 1940, deixou escrito: “O don de prender no pasado a faísca da esperanza, tan só lle é dado ao historiador perfectamente convencido de que tan sequera os mortos están seguros se o inimigo vence. E ese inimigo nunca cesou de vencer”.

Por iso saúdo a vosa decisión de adicarlle a presente edición do voso Festival á memoria histórica, co axustado rótulo de “Ajustiçar a historia, ganhar dignidade”. Devez, ademais, porque un acontecemento social de tanto prestixio como o que levades a cabo, se convirta este ano nunha mostra cívica da determinación que nos anima para impedir que a caverna continue a desposuírnos do que é noso: a condición humana xenerosa e liberadora que reivindicamos a través dos represaliados e das represaliadas doutrora.

Finalmente, unha derradeira consideración: reivindico un tratamento comprometido das homenaxes ás vítimas do franquismo na Galiza, para non caer nunha mera reparación familiar ou en visións nas que predomine a nostálxia e o ritual. Ninguén discute que os achegados ás vítimas merecen todo o noso respecto e o noso apoio, nin tampouco que as autoridades deban ter a súa cota de protagonismo, mais tamén compre dicir que non tratamos só de persoas ou de datas conmemorativas, senón dos valores que aquelas sustentaron. E deses valores nos reclamamos aqueles e aquelas que desexamos máis liberdade e máis igualdade para as nosas existencias: “paraíso ahora”, que diría Pablo Guerrero, un dos moitos damnificados da Transición da desmemoria.

Transmitir arelas de rebeldía contra os privilexios, de apoio mutuo e solidariedade, de acción colectiva para defender os dereitos dos individuos e dos pobos; velaí a maneira para que os homes e as mulleres sacrificados polo franquismo precisamente polo seu compromiso liberador, pervivan nas angueiras de hoxendía a prol dunha sociedade máis xueta. Compre tender unha ponte entre os loitadores de onte e de hoxe, de maneira que Alexandre Bóveda, Xaime Quintanilla, José Villaverde ou Benigno Álvarez, entre tantos outros e outras, estean connosco cando rexeitemos a precariedade laboral, a discriminación da muller traballadora, a explotación dos inmigrantes, ou reclamemos con firmeza o dereito a decidir das nacións que hoxe conforman o Estado español.

Por iso arrenega a dereita máis cerril da “memoria dos vencidos”. Por iso, para nós representa unha promesa de futuro.

Longa vida aos que loitan.

Dionísio Pereira

Poetas

Eu contemplei o lado escuro das cousas,
como o momento último do amor é uma crisálida,
duma ferida azul abrolha um anjo
e nos portais meninhos brancos sujos
bebem o leite ávido duma antiga alimária.

E corri longe por desertas avenidas de sonho
para contá-lo aos meus e que acordassem,
mas já não tinha voz
nem esses cadernos simétricos onde os loucos
anotam o porvir dos dias em signos triangulares.

Durante vários anos
perdera a chave das minhas próprias gavetas,
o acesso à minha própria alcova em sombras
onde dormia um ser adorado e distinto.
A biblioteca continha só volumes brancos,
a cadeira desprendia uma neblina,
o silêncio das aves da noite era mais alto.

De braços, contra o chão, uma lança de luz
assestou-me a certeza de ter emudecido:
Poderia ser eterna a infâmia dos objectos
mas para mim cessara a agonia de contá-la
como se abrem com esforço os últimos lábios
imóveis.

(De *Os distantes*, Espiral Maior, 1995)

Tudo quanto somos,
a constância da adversidade
o abandono nos arrabaldes
da memória, tudo quanto
somos
desde dentro, no tremor
da pele, a doçura
imaculadamente azul
na amantíssima olhada, o único
que não somos ainda mas seremos
depois da vida, tudo quanto estamos
vivendo, loucos de nós próprios,
por dentro doentes, na fogueira
que o corpo abriga ou no total
abandono sem porvir dos
arrabaldes, totalmente
cegados por viver como essências
que uma mão abriu e foi a tarde
a dimensão do ar frio que
voava, tudo quanto levamos
durante a vida em fardéis descosidos
e recompomos sem luzes num
quarto silencioso, aquilo
que nos impede e o que nos move
e somos dous. Tudo provém
do acaso. Poderíamos ter sido
diferente memória, mas o dia
declina na cidade. A luz reúne
o resto do que sou. Tudo quanto
falece nasce. Voltarei
sempre, por dentro. O final
não sou eu.

(De *Os passos da procura, no prelo*)

estávamos cumprindo as rotas que conduzem ao olvido
na escuridão estávamos cumprindo um a um os caminhos que levam
à distância que ocupa a cidade de paisagens ilusórias e de vidros e trens
e extravios e alcovas e homens que se procuram como leões em sombra
para atrapar-se e beijar-se e saltar sobre os homens namorados
que caminham despidos por uma rota de vento cujo destino perguntam

estávamos

num caminho de namorados mortos junto à luz das lanternas
que procuram uma mão quente por todas as rotas enganosas
onde os homens namorados espreitam na avenida para matar-se em sombras
e perguntam: aonde

aonde leva este caminho sementado de namorados mortos

estávamos

a pervagar pelos cabos de luz em busca das nossas mãos
estávamos a prosseguir a rota dos portais, estávamos
ansiosos como leões que acejam nas alcovas para atrapar-se, beijar-se, introduzir
[se às escuras no medo,
e procurávamos por toda a cidade uma mão quente e através dos vidros
entrávamos às cegas num mundo habitado por manequins sem face
e luzes de neão e promessas de cera e manequins vencidos
na penumbra

estávamos

na penumbra a prosseguirmos a pegada da morte
através dos escaparates cegos em busca do nosso rosto
com o rosto de cera nua contra os vidros que prometiam um mundo

estávamos

estávamos despidos por uma rua de vento
que ascende desde a morte como uma mão gelada que nos busca,
como um carril de ferro cheio de cadáveres ansiosos
por saltarem como leões e beijarem e acharem
as ruas das espaldas, um frio portal entre as coxas,
o rasto da luz nos olhos cheios de perguntas:

aonde
aonde conduz este trem ao longo do corpo brando da cidade,
este carril de ferro carregado de mãos e móveis e avenidas
em cuja sombra se urdem anonimamente assaltos de pele e beijos, aonde
conduzirá quando sulque como uma mão branda a cidade enganosa,
aonde senão à pele dos manequins mortos,
ao tacto céreo ou à distância que ocupa a habitação inteira

estávamos
ocultos como cadáveres que urdem um assalto sobre os cabos de luz
nus como manequins que pervagam nos arames em busca de uma mão
e uma mão ascendia como um comboio ansioso do mundo dos escaparates
e ocultava-se, e pervagava, e penetrava às cegas
na cidade despida, polo portal dum olho escuro,
ao longo dum gelado corredor entre as coxas

estávamos
estávamos a penetrar com torpeza no medo
estávamos a continuar as escuras pegadas da morte
e uma a uma cumpríamos as perguntas que conduzem ao olvido:

aonde se dirige este comboio carregado de cidades sem face
aonde leva este caminho sementado de namorados mortos

(De Os passos da procura, no prelo)

ADARRAK ETA SUSTRAIAK

Osaba bizarra egiten ari zela
Erre zen basoa

Amildegiak suaren bidea moztu izan ez balu
Eguzkia eta infernua bertan ezagutuko genituela
Esan zigun amonak
Baina nahikoa ardura bagenituen
Sineskerietan pentsatzen haſteko

Egun haietako euriak ere
Ez zuen gar handi haiek baretzerik lortu

Hoſtoak dantzan hasi ziren
Zerutik zintzilika baleude bezala
Habiak erre ziren eta enarek hegan egin zuten
Suak mendebal haizeak jarraitu bitartean irauñ zuen
Erre usainak aſteetan

Etxe inguruko lurak irauli genituen
Mahatsondoak ipiniko genituelako
Errautsek ongarrri gisa balio zuten
Adar erreak bildu zutoinak eta ikatza egiteko
Enbor belztuak ebaki eta
Suak agerian utzi zituen suſtraien beso korapilatsuak
Askatu genituen lurretik

Arotzek halako zur okerre
Balio gutxi zutela esan zuten
Hamaika hilabetez izan genituen bazter batean
Harik eta gau batez osabak galdetu zuen arte:
Zer egingo dugu suſtraiekin?

(Aingurak erreketan, 2001)

GALLAS E I

O bosque que
Mientras o me

A avoa asenllo
O sol e o infer
Se a barranca
Pero xa tíñam
Para encetar a

Tampouco a c
Conseguiu am

As follas como
Como pendur
As trabes arde
O cheiro a qu
Namentres zo

Labramo-la te
Porque íamos
As cinzas eran
Recollemos as
Cortamo-los
E sacamos da
Deixados polo

Os carpinteiro
Tiña pouco va
Gardamo-la d
Ata que unha
¿Qué imos a f

(Aingurak erreketan, 2001)

RAICES

queimouse
e o meu tío se barbeaba.

que houberamos coñecido
o mundo xuntos
non houbera atuado o camiño do lume
e os problemas dabondo
para debullar supersticións

choiva
amainar aquelas inxentes lapas

comenzaron a bailar
penduradas do ceo
e as trabes arderon e as anduriñas fuxiron
e o cheiro a queimado acougou durante semanas
e chegou o Sur

labramo-la terra a carón da casa
e comecei a encepeirar
para facer un bon esterco
e as pólas queimadas para facer esteos e carbón
e os toros negreados
e a terra os brazais nodosos
e o lume ó descuberto

Os carpinteiros dixeron que aquela leña retorta
non tiña valor
e durante meses non recanto
e unha noite o meu tío preguntou:
¿Que imos a facer coas raíces?

(Aingurak erreketan, 2001)

GALLAS E RAICES

O bosque queimouse
e mentres o meu tío se barbeaba.

A avoa asenllou que houberamos coñecido
o mundo xuntos
e se a barranca non houbera atuado o camiño do lume
e pero xa tiñamos problemas dabondo
para encetar a debullar supersticións

Tampouco a choiva
conseguiu amainar aquelas inxentes lapas

As follas comenzaron a bailar
Como penduradas do ceo
As trabes arderon e as anduriñas fuxiron
O cheiro a queimado acougou durante semanas
e chegou o Sur

Labramo-la terra a carón da casa
Porque íamos encepeirar
As cinzas eran un bon esterco
Recollemos as pólas queimadas para facer esteos e carbón
Cortamo-los toros negreados
E sacamos da terra os brazais nodosos
Deixados polo lume ó descuberto

Os carpinteiros dixeron que aquela leña retorta
non tiña pouco valor
Gardamo-la durante meses non recanto
Ata que unha noite o meu tío preguntou:
¿Qué imos a facer coas raíces?

(Aingurak erreketan, 2001)

QUÉ É ESPERTARSE NO PASADO

Qué é espertarse co día mollado,
as sabas enchoupadas e a fronte tamén.
Ver que deron lume á casa cando eu durm

Saco a metralla do bordo do ollo,
e abro as orellas.
Entón escóitalos alonxándose.
Sei que son avións.
E as bateladas do reloxo na sala.
Podería ir camiño do bafo adiante,
pero espértome desganado,
sen forza para estender os brazos como o
Ademais, debaixo da cabeceira non había
Sempre foxen.

Alpeiro a almorzar
tan canso como o boi que tira do carro d
Encho a taza de café con leite,
e comezo a buscar algo na lameira,
un pouco de carraxe para me enganar,
ou na procura dos ladridos do can dos ve
Ao levantar a pala somentes pans torrado
Podería terse comenzado así o día por se

Non podó adiviñar dende cando é este ac
ónde recollín estas mañás rebentadas.
Debe de ser hai moito tempo.
Coido que xa denantes de nacer eu esper

es tiroteados.
Un revólver.

rtos?

vez?

ento,

nal.

QUÉ É ESPERTARSE NO PASADO

Qué é espertarse co día mollado,
as sabas enchoupadas e a fronte tamén.
Ver que deron lume á casa cando eu durmía.

Saco a metralla do bordo do ollo,
e abro as orellas.
Entón escóitalos alonxándose.
Sei que son avións.
E as bateladas do reloxo na sala.
Podería ir camiño do bafo adiante,
pero espértome desganado,
sen forza para estender os brazos como os homes tiroteados.
Ademais, debaixo da cabeceira non había ningún revólver.
Sempre foxen.

Alpeiro a almorzar
tan canso como o boi que tira do carro dos mortos.
Encho a taza de café con leite,
e comezo a buscar algo na lameira,
un pouco de carraxe para me enganar,
ou na procura dos ladridos do can dos veciños.
Ao levantar a pala somentes pans torrados.
Podería terse comenzado así o día por segunda vez?

Non podo adiviñar dende cando é este acoramento,
ónde recollín estas mañás rebentadas.
Debe de ser hai moito tempo.
Coido que xa denantes de nacer eu espertaba mal.

19 de Agosto de 1936

(En lembranza de Ánxel Casal)

Como pode luz negra frecha de luz negra queixa de requinta
facer infindo un día.

Como hai días en que todos os paxaros son vermellos.

Como vermella pesa a Terra despois do estoupido.

Como ollos cerrados estoupan deitan claridade e soñan
a se verter na herba tal as rosas.

Como rosas mortos falan editan proclamas recendo para pobo e patria.

Como patria funda sobre espanto dor pedra
cidade poema contra esquecemento e morte.

Como sen río do esquecemento non hai beira outra
non hai beira outra non hai morte.

Bóveda camiño da morte

Sabías que te axuſticiaba a luz,
a da estrela na fronte como á tola de Curros.

O aire da Caeira ventaba coma un can
abismo e profecía na órbita dos astros,
o teu cráneo furado pola terríbel agúa.

Soñabas unha pausa transparente
de sombra na pavura, unha dor xerminal
coma un parto, unha illa, un Tambo feito garza.

O aire da Caeira afogaba paxaros,
nenos durmían perto, alleos á desgraza,
a ollada derradeira tiña a calor dun bico.

Vías a tumba aberta no amencer,
o sol deshabitado do día que viría,
a curva da existencia a cerrarse nun círculo.

O aire da Caeira alzouse coma un dique,
encorou sangue e pranto para regar futuro,
gardou memoria e fe desde onde os mortos falan.

Escoitabas unha anaina da terra
naquel instante en punto da bala ao corazón.
E naceu un albatros.



*¡Os milleiros de horas, de séculos,
Que fixeron falla
Para facer un home!*

Luis Pimentel

Pomba de auga axeada no vento, non pode a palabra
derribar toda a furia asasina que queima as colleitas
e sementa de odio vastos campos que reclama a vida.
Nin dicir sobre o peito cribado dun home que morre
ese salmo que faga xustiza á sede máis fera.

Non pode a palabra alumar sobre os ollos dun neno
que a metralha pechou para sempre con escura chave,
nin cantar a cantiga de berce dunha nai que arrola
lúa triste de sangue entre os brazos coma un pan de vinga.

Non pode a palabra coa loucura da guerra, non pode
afogar con laios o alacrán de veneno fortísimo.

A voz pendurada no máis alto rexistro do espanto
faise brado terríbel, ouveo, faise berro seco.

Outra vez vén Caín convocando o verme e a sombra.

A morte sempre é unha: a que dicta o cruel xenocida
e a que arbitran os amos do mundo no nome da paz.
Sempre é un o sangue: o que foxe coa vida, o milagre
de milleiros de anos que coas bombas escacha nun pulso.

A lingua, amuada, devén áspero cardo selagre
cando escribo palabras na cinsa: liberdade, casa.
Sobre os ósos dos mortos escribo: ¡Nunca máis a guerra!
¡Nunca máis a guerra! Non pregunto se a cinsa ten eco.

Sextina da memoria histórica

Alén do tempo estades, tedes nome
que non puido borrar secreto foxo.
Terra que vos zugou o mel dos ollos
ha de escoar quentándonos os dedos.
Desenterramos vida, alzamos brados
contra do esquecemento como rosas.

Xa non é sangue, non, naceron rosas,
vermello e vexetal o voso nome.
Recollemos no vento tantos brados,
regámosvos con bágoas todo o foxo,
toda a morte tocamos e hai nos dedos
a derradeira imaxe que foi ollos.

Como un golpe de mar foron os ollos
antes de que as feridas fosen rosas.
Agarrastes a vida polos dedos,
mais fuxiu e pousou na luz do nome.
A luz non ten espazo en ningún foxo,
a luz traspasa a terra coma un brado.

Abatido de dor, se hai eco, un brado
debuxa o meridiano doutros ollos
e procura nun peito novo foxo.
Colocar nese peito frescas rosas,
poñer unha candea sobre o nome,
acariñar o vougo sen ter dedos.

A intanxíbel memoria non ten dedos,
tan só persiste longa en longos brados
a golpear a rocha que foi nome.
Manancial de penumbra lle enche os ollos
a refacer os días en que as rosas
floreaban na casa e non no foxo.

Nunca sabe unha man cando abre o foxo
se tocará cos dedos outros dedos,
mais sabe que buscar é pórllas rosas
á liberdade, aos mortos e ao seu brado.
Sen sangue alí a verdade abre os ollos,
sen carne o po regresa e acha un nome.

A voz do nome canta polo foxo,
cando abre os ollos toca cos seus dedos
no púcaro do brado branca rosa.

veu a tronada e nunha campaña quedou preso un abesouro, pasou a tronada e veu lila segar á herba, traía consigo a arpilleira, a corda, a gadaña coa pedra de afiar metida nun corno retorto, e unha codela de pan seco na boca, segou un bo sebón dela, upouno ás costas e botou un aturuxo pequeno que petou no chau

encheulle o comedeiro ás ovellas e apartoulle dous ramallos de estálitroques que ían no medio, alabado, se comen isto as ovellas abofé que tolean de vez, e despois brincan e pintan a cana verde, deben pensar que están ceibas no monte e ven todo colores achispados, botounos contra un recanto, e saíu o abesouro que zoou unha miga polo cortello adiante, marchou por un tragaluz, e xa abandonou para outro sitio a tronada que veu nestes últimos do mes de abril

sendo eu rapaza ben pequena, vin como lle abrían a barriga a unha egua que había na casa, e lle sacaron dela o cabaliño que agora ten meu avó, a egua esvarou e foise polo terraplén da rigueira abaixo, eu vin como lle sacaban o cabaliño e maila egua non morreu, saíulle tamén da tripa un abesouro que alumeou na corte máis có quinqué de carburo e foise á luz do día pola porta para fóra

[do libro *propriamente son captivo*]

O LOBO

pero o aire do Lobo
non te deixa correr
tóllete das pernas

pero o aire do Lobo
non te deixa correr
tóllete das pernas

méteche o frío no corpo
desde os calcañares ponche fría a lingua
e os pelos de punta

pero o aire do Lobo
non te deixa correr
tóllete das pernas

méteche o frío no corpo
desde os calcañares ponche fría a lingua
e os pelos de punta

pódenseche solta-las orinas
pódeste ir por ti

e non deixa de ser un animal que nos permite todo

[do libro *fucsia, talladas, estampados, boca*]

M'enganyes amb farsa sofisticada
irresistible, prou confusa sempre.

Calze de supervivència salvatge
amagat al rebedor dels teus ulls.

Tenim milions d'entranyes que ens avalen.

M'enganyes amb farsa sofi
irresistible, prou confusa s

Enganas-me com farsa sofisticada
Irresistível, tam confusa sempre

Cállice de sobrevivência selvagem
Agaçapado no recebedor dos teus olhos
Calze de supervivència sal
amagat al rebedor dels teu

Temos milhões de entranhas que nos avalizam

Tenim milions d'entranyes

Enganas-me com farsa so
Irresistível, tam confusa se

Cállice de sobrevivência se
Agaçapado no recebedor

Som una part dels abductors de les paparres
que s'agafen al bitxo monstrosos que és l'existència;

Fem el viatge junts i en soletat.

Som siamesos incomunicats.

Som una part dels abductors
que s'agafen al bitxo monstrosos

Fem el viatge junts i en soletat.

Somos umha parte dos abdutores das carraças
que agarram o bicho monstroso que é a existência;

Fazemos a viagem juntos e em solidom.

Somos siameses incomunicados.

Som siamesos incomunicats.

Somos umha parte dos abdutores
que agarram o bicho monstroso

Fazemos a viagem juntos e em solidom.

Somos siameses incomunicados.

CHOVIA EN BOSTON

Anais Nin escribía unha paxina do seu diario, Nun rincón do village.
Unha pomba matabase en Park Avenue,
E no tren un tolo falaba soio.
En Elmhurst outro tolo escribia versos.
No apartamento 3-B da rua 125,
Unha parexa fodia ensaiando o Kama Sutra.
Din que os norteamericanos son os mais civilizados,
E se-non preguntenllo a BOMBA ATOMICA.
A lembranza e unha pequena doenza,
Que non fai mais que fodernos a pacencia.
E esta e outra tarde triste,
En que perdo o tempo
Escrebindo versos.

Do libro *Alen da fronteira*.

A ensinanta, Hielen Napolitano
Quen non deixou a Breogan pintan a bandeira da sua Nazon

Xa ves Breogan:
Como dixo Celso Emilio.
Hai palabras que e pecado decilas.
Entre elas Patria.
Querias ti na escola,
Pintar a bandeira azul e branca,
E prohibiucho a tua maestra,
Ainda sendo ela da Irlanda.
Ms Hielen dixote, que o teu pais era a Espana.
Ti berraches de novo, que Galicia era a tua Nazon.
Teus ollos fikrmes e inocentes,
Voavan pola estancia,
Mentras hielen obrigabache a pintar a de coor roxa e gualda.
Nos teus ollos fugitivos, brilaba a esperanza.
Era este intre a tua primeira batalla.
Quando mo contašte na casa
Sentin impotencia e raiba.
Logo cuando tu te fuches e eu quedei soio Saironme as bagoas.

Do libro *Alen da fronteira*.

Din que os norteamericanos son os mais civilizados,
E se-non preguntenllo a BOMBA ATOMICA.
A lembranza e unha pequena doenza,
Que non fai mais que fodernos a pacencia.
E esta e outra tarde triste,
En que perdo o tempo
Escrebindo versos.

Do libro *Alen da fronteira*.

[КОКІ]

A LOLA

Ninguen millor que ti, Lola
Para comprender catro paredes dun cuarto.
O teu nome, Lola
Apagado nas enrugadas da almohada.
Lola, a nosa vida.
A nosa vida foi sempre un cuarto
As nosas tristuras as nosas ledicias,
Sempre nun cuarto.
Cabe tanto nun cuarto,
Cabe tanta vida e tanta door.
En Galiza un cuarto, en America un cuarto.
A nosa vida un cuarto.
A mina voz, de sede de alento e de labios,
E esta noite un cuarto.
Lola, para debuxarte entre catro paredes
Teño que pintar un cuarto

Do libro *Para Abril e amantes*.

[КОКІ]

Ainda sendo ela da Irlanda.

Ms Hielen dixote, que o teu pais era a Espana.

Ti berraches de novo, que Galicia era a tua Nazon.

Teus ollos fikrmes e inocentes,

Voavan pola estancia,

Mentras hielen obrigabache a pintar a de coor roxa e gualda.

Nos teus ollos fugitivos, brilaba a esperanza.

Era este intre a tua primeira batalla.

Cuando mo contašte na casa

Sentin impotencia e raiba.

Logo cuando tu te fuches e eu quedei soio Saironme as bagoas.

Do libro *Alen da fronteira*.

[PÁXINA 21]

[PÁXINA 33]

Cumpro o meu dever
Retorno.

Sou Hindu
Vou à Benares ou ao Ganges
Vou ao Templo
Leio o Gita

[DELMAR MAIA]

A UNIVERSALIDADE DO CRENTE

Sou Cristão
Vou a Roma ou a Belém
Vou à Igreja
Ajoelho-me e oro
Leio a Bíblia Sagrada
Invoco Jesus Cristo
Rezo a Deus
Cumpro o meu dever
Retorno.

Sou Muçulmano
Vou à Meca ou Medina
Vou à Mesquita
Leio o Alcorão
Oro
Invoco Muahmmad
Rezo a Allah
Cumpro o meu dever
Retorno.

Sou Judeu
Vou à Telavive ou Jerusalém
Vou à Sinagoga
Leio o Torá

[DELMAR MAIA]

Sou homem global
Crente de deus
E estou
Em sua busca.

Madorna/Parede, 29 de Outubro de 1994

[PÁXINA 31]

Oro
Faço a Tahanum
Invoco David e Salomão
Rezo a Adona
Cumpro o meu dever
Retorno.

Sou Hindu
Vou à Benares ou ao Ganges
Vou ao Templo
Leio o Gita
Medito e oro
Purifico-me
Invoco Krishna
Rezo a Om e Brahma
Cumpro o meu dever
Retorno.

Sou homem global
Crente de deus
E estou
Em sua busca.

Madorna/Parede, 29 de Outubro de 1994

[PÁXINA 35]

PERGUNTAREI AO CRISTO

Se um dia puder
perguntarei ao “Cristo”
porque o pintam branco
Os homens do norte.
Perguntarei ao “Cristo”
porque será que
sendo judeu, o amam tanto,
odiando os outros judeus.
Perguntarei ao “Cristo”
porque odeiam tanto
O homem negro,
os homens do norte.
Se um dia puder
perguntarei ao “Cristo”
“quando virá”,
para conversarmos e depois lhe dar
as boas noites e dormir, que os homens do norte
Estão surdos.

Lisboa, 24 de Novembro de 2001

E EU SOU EU

Aqui estou eu
Mestiço de negro e branco
Severo e brando
Obstinado e ocioso
Modesto e orgulhoso
Obsessivo e sereno
Manso e prudente
Agradável e egocêntrico
Talvez a lei dos contrários
Impere em mim
Ou talvez haja apenas
Uma simbiose de antíteses
O que faz de mim indivíduo
Pois é...
Eu sou eu.

Parede, 3 de Fevereiro de 1996

E EU SOU EU

Aqui estou eu
Mestiço de negro e branco
Severo e brando
Obstinado e ocioso
Modesto e orgulhoso
Obsessivo e sereno
Manso e prudente
Agradável e egocêntrico
Talvez a lei dos contrários
Impere em mim
Ou talvez haja apenas
Uma simbiose de antíteses
O que faz de mim indivíduo
Pois é...
Eu sou eu.

Parede, 3 de Fevereiro de 1996

AREA delgada, rumor afastado, neve íntima, flor de vidro,
ausencia, lirio salvaxe, sésamo, rosa de pedra, terra
profunda, bidueiro, sémola, té, cristal, auga,
pálpebra, suavidade, ártico, penedo branco, lentor,
poulo, terras estrañas, alquimia, manancial,
menciña, beŷtiario dourado, mazá lixeira, illa
ventureira,
horizonte, liña, bambú, sixilo, lizgaira
ollada;

(póusanse as palabras sobre o corpo).

ALIMARIAS, armiños imposíbeis, árbores núas,
gatos esguíos, latitudes, raposos brancos, esquiós
sinuosos, compases, astrolabios, leiróns durmidos,
plumas enfeitadas, luminosidade nítida, lobos e
folerpas, fariña, vendaval, estripeiro, cristal, árbore
froiteira, xaneiro, espazo, denosiña, rosa
sobre a neve, niño, follas secas, farangullas
de xeo, pasos sobre a terra, dozura, mel,
metamorfose.

OFRENDAS.

Naceu o lume, as follas
de palma, o ulido
magnánimo
do sexo,
o ollar que albisca os lirios,
a faia que abraza
con tenrura frondosa, os corpos achegados
entre carambos de xeo (fraga escurísima),
o illó que nace
no pracer, e o tigre a contraluz (ai palabras
que derraman as neves!), o remuíño
das follas, as laranxas
no inverno, o ventre
na ilusión, as dalias de Pascua, a banda
de beixos sobre os pés, o retorno ó corpo, a xistra
que cesa.

Ofrenda.

ALIMARIAS, Sramiños is
gagos esguíos, latitudes, rap
sinuosos, compases, astrol
plumas enfeitadas, luminos
folerpas, fariña, vendaval,
froiteira, xaneiro, espazo,
sobre a neve, niño, follas
de xeo, pasos sobre a terra
metamorfose.

OFRENDAS.

Naceu o lume, as follas
de palma, o ulido
magnánimo
do sexo,
o ollar que albisca os lirios,
a faia que abraza
con tenrura frondosa, os
entre carambos de xeo (fr
o illó que nace
no pracer, e o tigre a contr
que derraman as neves!),
das follas, as laranxas
no inverno, o ventre
na ilusión, as dalias de Pa
de beixos sobre os pés, o
que cesa.

Ofrenda.

Un lóstrego, unha lontra ou unha landra,
se é que che quedan ollos para a terra
e podes desfacerte do artificio
que te prendeu na saudade do empíreo.
Xunta as túas voces e aínda has lograr logo
a saltos e no pasmo dos retruques
unha regueifa: pártela
e dispoña en convite, por ben de todos.

Cando aprendín o nome do saltón,
só medio vendo o insecto na herba alta,
cachei tamén o andazo analoxista
de dar razón de vista dos meus ollos.
Agora hei repeti-la aprendizaxe
das voces populares, da miudalla e dos saltos
para saber dicir do máis vivo de min,
do que me deron xentes boas das marxas.

Non hai caso ser recto, escorregamos
no andar baixo de construcións serodias.
Queda, porén, o sutaque dos soños,
a bravura do escuro camiñar
polo bosque perdidos, recto como dixera
Descartes, o suavísimo.

Vai sendo hora dunha nova era,
de non arar no mar, de recoller
as visións fervorosas das aras
e dos votos antigos. Vai sendo tempo
de dicir, moi sa e sinxelamente
que o mellor que nos queda está por diante,
que cómpre ir de cabeza, mergullarse
na ilusión de saudar marcos de novo.
Quente xa a luz de sempre, vale ben
a fala demorada.

Un abrocho de brétemas ou colección de gormos,
a multiplicación ou a fartura
onde se ensilveirar e ter vagar
sen oí-lo roxido dos máis vertixinosos
turbións diluíntes do trafego de imaxes
nin os campos magnéticos tantálicos
do ser que por ser sarrio só cobiza,
xordo á voz do contento e ó constante
ritmo coridal.

Sen urxencia ninguha, no lar, escoito lerias,
leo na lama, escribo na auga antiga
da arela sempre nova e comunal.
Remítome ós remorsos remanentes
das didácticas cinzas e das sombras:
debullo os dons de Dido.

A esperanza rabuda ben revoca
a mallada moleza da saudade.
Alá vai o perdido e tanto ten.
En nós ha seguir sempre o ruxidoiro
de non rexernos senón polo peito
e de non darnos a pautos do demo.

Alenta leda a lama, a túa arxila.
Ten peito pró que veña de deixa a mágoa
fuxir coa expiración e rumbo para lonxe.
Baila a rumba do esquenzo,
persistente profana, non te deixes levar
do demo que avivece as xenreiras.

Ti cordialmente arcaico so as arcadas acordas
acordes ledos de muiñeira vella,
alboradas antigas e arboredos amables,
tempero bo do vran á sombra e á raxeira
ou aires de ensoñar sempre noutrora
e saber que, de vez, parten os días
e só nos queda o xeito, do que ninguén nos ispe.

Queda furgar nas teimas,
nos restos da ebriedade acougada,
no espaciamento novo, feito
haberá tempo, dis, haberá
(non na lembranza e na renuncia).

Tanto run run coma un inglés que di:
que botes a correr, isto é o que queda.

Tanto run run coma un inglés que di:
que botes a correr, isto é o que queda.

Tanto run run coma un inglés que di:
que botes a correr, isto é o que queda.

Tanto run run coma un inglés que di:
que botes a correr, isto é o que queda.

Tanto run run coma un inglés que di:
que botes a correr, isto é o que queda.

Tanto run run coma un inglés que di:
que botes a correr, isto é o que queda.

I

(non quero comezar explicando a miña historia,
de feito, ante todo o que quero é calar, se fose posible
devir-rede,
coa certeza de que o meu entramado é igual sí mesmo e a ningunha outra cousa)

Querido Paul: boto de menos o bosque, o tempo no que a linguaxe simplemente
[se impon sen constituírnos a nós como ameaza]

PREMISA: aquí todos os animais son claustrofóbicos, devecen pola plenitude
[da materia]

CONCLUSIÓN: afogamos nunha idiosincrasia nacional erma
(cando menos eu
afogo)

Reduccion ao absurdo do método cartesiano: escapei do círculo de conceptos inmóbiles
GALIZA CEIVE (o meu labor, insisto, consíste en transportar o peso)
despois viñeron os soños envoltos en celofán, e xantar a toda presa para chegar a
tempo
á clase de literatura da diáspora

os meus antepasados vagaron polo mundo enteiro na procura dunha sintaxe perfecta
(non había suficiente con pasar o arado, o sacho, a petola, a aixada, o fouciño, a gadaña
tiñamos os dedos en carne viva de tanto furar na terra negra)

FOSCOR, FOSCOR, FOSCOR
a palabra máxica soando ate deixarme sen voz

e eu quería tanto quedarme sen voz
e devir-morea de átomos liberados do espanto

xa que de máis nada me podo liberar,
nacida como nacín, do ventre das máquinas

reproduzo unha e outra vez o xeroglífico: (que por suposto non ten o mesmo valor que se o producise)

JO TA KE IRABAZI ARTE!¹

(iniciación ao tratado sobre unha linguaxe universal, que nunca nos conducirá á vitoria, e que, polo tanto, devén a forma máis acabada de resistencia)

abondo sabemos xa que non hai pasado ao que acollerse,
que a loita pola supervivencia é a loita pola conquista da propia exterioridade

REVOLUCIÓN: temos navallas abondo para recortar a paisaxe
sen seguir a liña de puntos?

[1] da canción de Su Ta Gar, *Jo Ta Ke*

II

coro dos alumnos dunha escola rural: San Cristovo de Cea, Ourense (foi así como medramos, na contemplación da verdade, no espanto)

- non hai organismos vivos, nin revolución, nin proletariado
- non hai teorías globais, universos de sentido para autorizar o presente

soa o teléfono pero non contesto

non estou

desfágome en interioridades de doncela guerreira

podendo querer berrar: “sí, sei que non son mans de home as que poden matar o dragón, mais estas non son mans de home”

(non chegar ao punto de xa non dicir eu, senón a ese punto no que xa non ten ningunha importancia dicilo ou non dicilo)

eu tamén quero ser exploradora

construírme literariamente

por exemplo:

- os meus pés esmagarán todo o que sexa necesario ata que no mundo só quede a musa esférica que me pariu
- de aí o teu pánico ás superficies planas?
- non sei, cando espertei tiña os petos cheos de caramelos (predilección polas linguas minorizadas)
- daquela non hai resurrección posible?
- nin morte

todos os momentos da miña vida están terriblemente condicionados pola lectura de DELEUZE-GUATTARI (a verdade revelada polas máquinas):

-somos invencibles?



Cae

no último roce do vento

a ala

Nada

máis que a memoria do voo

o ave

En fuga as horas silvestres estes corpos a súa razón
aquelas amadas que andaron descalzas a beira do mundo
esa morna conquista da lei que anaina e regula
a greta o cáliz o seu acre sabor a fogar
En fuga o meu corpo nas tripas da historia e os seus relatos
ese amor que o fundou ecoico e romántico a rosa a súa espiña
a sombra delatada no rastro da usura e o capital
–tantas palabras que o uso nos rouba– En fuga
como abellas exhaustas ao caer da tarde desprendidas do po
pole ou danza que algo reclama Esta extenuación
Andaba coas puntas do pé delicada non digo
senón crebada agarrada ao pánico
esta deformación que se impón a seres estraños
que perden o río a rima o rito o ricto
tímidas e extremadamente útiles de teceláns En fuga
quen construía a casa as súas trampas as hedras
sen sonetos os vermes no suco dos cotenos ese esforzo
que murmura debaixo dos cobertores cristal fráxil cristal
Chantado na costa do século ven di o teu novo nome
a deflagración que o incendia o caos no que se ordena
a paixón que o engastou sublimes plebeas dispostas ao tango
extraviadas en fuga coa dor da costela e este cansazo
pois tanto Estado traga regula a miña furia sen esplendor
agárrame as entrañas amor que desinstalo os teus dominios
así vaciada contemplo as túas gravuras as manchas que as auxilian
qué proclaman di qué protexen di de qué se apiadan
como gardan os lindes dos seus hortos a consigna
que repites que atravesas que instaure
cancións de mutiladas enfermas e cautivas que tanto Estado absorbe
qué nos ata di nesta mudanza quen nos ata que vivía
a creba desas artes as danzas insurrectas
as pezas liberadas na mecánica da fuga
esta condición de tránsito grávida e magmática que a xerou

(de *Love me tender. 24 pezas mínimas para unha caixa de música*)

Será polos trueis que alguén toca o abismo e canta
a rabia da “nosa negritude no sudre das sentinas”
bebemos e cantamos
temos os ollos perdidos na liña do horizonte e alguén
usurpa as redes Estas mans que as tecen nos peiraos

Negro rastro do mar
densos artefactos como enxarcia iluminan as mareas
os círculos das aves asombradas son as runas deste espolio
bebemos ese leite escuro a diagnose do areal
bebemos e cantamos
as entrañas aireadas do cetaceo nos cantís

Será do ganapán que alguén toca o inferno en desafío e canta
o estigma da suor no suco en carne viva do liño
tiramós da cošteira arrincamos das voces a furia que confiscan
boqueadas destes nomes na superficie espesa dunha sombra
bebemos e cantamos
a imposibilidade oblicua o seu horror

Saber que eu son deste silencio

Negro rastro do mar Este é o teu despoxo
Que nada me atormente tanto

E o paquebote esmaltado na lágrima das píllaras

Xaneiro 2003.

(do libro colectivo *Negra Sombra. Intervención poética contra a marea negra*)

AOS MEUS AMIGOS

Onde estais vós,
Meus amigos,
Que me beijais a cara?
Já partistes deste mundo
Ou continuais a caminhada?
Onde estão as conversas que nos elevam
E as gargalhadas sem medo
Que enfrentam os mediócras
E a corja mercantilizada?
Onde estais,
Irmãos de sangue,
Que bebei da minha taça?
Camelot Elsenor
Aí celebramos a aliança.

Onde estais vós
Que sois eu
Só num bar até de madrugada?
Tentaram sempre aniquilar-nos
Encostar-nos à parede
Até à última cilada
Mas nós resistimos sempre
Ao cântico da sereia.
Onde estais, companheiros,
Agora que vos chamo
Do fundo do Totem
À beira do nada?

Bem sei que para nós
O caminho é doloroso
Mas o que nos guia
Não são as leis do mundo
Nem do mercado
Mas a luz ao fundo da guitarra.
Onde estais, amigos,
Porque não bebeis a taça?

Conquistadores do oculto
Pesquisadores da alma
O caminho somos nós
Mas a visão ainda não é
Inteiraente clara.
Onde estais, irmãos de sangue,
Companheiros de noitada?

Abençoados malditos
Reis sem trono
Esperamos a última batalha.

Olhos de Deus
Voz de Satã
Iluminações
Até ao fim da estrada

Respeitável


Não sou sociável
passo a maior parte do tempo sozinho
para piorar as coisas
estou proibido de beber

Os meus verdadeiros amigos
não estão
o mundo é absurdo
o álcool é absurdo
tudo é absurdo

Um poeta respeitável
não choraminga
um poeta respeitável
mantém a pose respeitável
do alto das suas barbas
do alto das suas taras

Um poeta respeitável
vai às conferências
lê livros respeitáveis
não faz figuras tristes

Um poeta respeitável
não escreve versos em público.



Elojio do amor

[Jean-Luc Godard]

Os amantes bretóns aínda se chamaman
polo nome de guerra.

O cineasta interroga pero eles

calan.

Era 1945 e a Europa

faltáballe unha cocedura.

A fin da historia [F. Fukuyama]

Conta Outeiriño que en Londres,
no cemiterio de Highgate,
os ionquis van roubar flores
à tumba de Marx.
“Porque aínda ten flores,
señores,
aínda ten flores”.

DISIDENCIA

Na Lagoa das Pedras Moídas do Monte dos Muíños de Vento de Abalo, Catoira
todos os peixes, se os hai, son monstros

Todas as pedras da Lagoa das Pedras Moídas do Monte dos Muíños de Vento de
Abalo
que a partir de agora chamaremos Abalón
calculan a distancia entre a palabra Vida e a palabra Morte
a razón de 9'8 metros por segundo

Din que hai manxares gorentosos como o ruído dun carro
boas vistas panorámicas e pizzas tan enormes como a roda dun carro
(Tamén Descartes seica dubidou ollando cen paraugas)

Así é fácil amar todo o que ten cornos
É fácil amar a vida, a natación sincronizada, a terra

(Ou se cadra debese dicir:
tamén Manolo Rivas seica exaculou enriba dos paraugas;
que Ortega y Gasset é dúas fotografías)

Na Lagoa das Pedras Moídas do Monte dos Muíños de Vento de Abalón
que a partir de agora chamaremos L.P.M.M.M.V.A
o tópico da chuvia
pesa
como as pálpebras dun morto

VIAXE AO PAÍS DOS XIGANTES

Eu tamén, como Hamlet, son unicamente un texto

pero o lume que asolaga esta agonía
é o contexto idóneo para a morte (viceversa)

Sempre quixen pasear falando con Pedrayo, terlle medo ás aves da meseta, camiñar como Willy Fog (detrás dunha gacela?) sen que Lex Luthor viñese a se mofar da miña roupa; mais é certo que a estas alturas nada colle nun poema, e non sahei os sucos da memoria, non lles plantei lume aos eucaliptos, non borrei as couces da palabra, non esquecerei este nordés, non resistirei esta derrota (viceversa)

Porque lle chamamos país
pero son xigantes a cuspir
cemento sobre as praias

Chamámoslle futuro
e son agullas a cravarse nos reloxos

ir de pé

como as troitas

As tuas palavras ficaram penduradas no ar
como pingas de auga que umha a umha
peneiram as nossas consciências.

As tuas pegadas mostram-se inalteráveis
nas corredeiras polas que caminham
os espíritos ceives.

Os teus risos ainda se escoitam no zoar
do vento, quando bruam manseninho
atrás de tempestade.

O teu coração ainda lateja:
no verdor da floresta,
nos ecos afastados dos animais que nela moram,
nos cánticos e gorjeos das aves que surcam os céus,
no luar de umha noite estrelada,
no brilhante alvorecer de cada novo dia.

O teu espírito permanece quedo, impassível
nutrindo as nossas ánsias de liberdade.

Ensinaste-nos a amar e respeitar
o que nos vêm dado de seu.
Mostraste-nos o caminho a percorrer
alimentando a esperança num mundo melhor.

A tua semente quedou esparecida por doquier:

nas pedras
nas árbores
nos rios
nas montanhas
nos vales
nos mares
no céu
nas aves
nos animais
na floresta

e nas consciências de todos nós a seiva
que nos deixas-te percorre o noso ser
no que agroma um novo día ceive já
dos nós que nos afogam.

Já se albisca a sua chegada...

Nom é doado esquecer a quem fijo tanto bem
por ajudar-nos a caminhar na direcçom ajeitada.

Saudos Companheiro. Sempre estarás com nós.

Biografias e retratos



De esc
Faida
De ma
Jonh
Lucia

De esquerda a dereita e de arriba a abaixo:
R. Mosquera, Daniel Salgado, Ana Romaní, Roi Vidal,
Delmar Maia Gonçalves, Pau Gener Galin, Marica Campo,
Jon Benito, A. Pedro Ribeiro, Manuel Outeiriño,
Lucía Novas, Xabi Borda e Koki

De esquerda a dereita e de arriba a abaixo:
Raida R. Mosquera, Daniel Salgado,
Delmar Maia Gonçalves, Pau Gener Galin,
Jon Benito, A. Pedro Ribeiro,
Lucía Novas, Xabi Borda e Koki




Celso
Alvarez Cacamo
nasceu em Vigo em
1958. e professor de Lin-
guıstica na Universidade da
Corunha. A sua obra poetica
inclui Os distantes (Espirale
Maior, Corunha, 1995)
e Os passos da procura
(Laiovento, no
prelo).


Jon Benito (1981,
Zarautz)

Licenciado en Historia, traballa
como xornalista. Escribe unha
columna diaria no xornal Berria.
Tamén fai reportaxes sobre

escritores do mundo. Ten dous
libros no seu haber: *Aingurak
erreketan* –

Áncoras nos ríos- (Susa, 2001) e *Orbel zaku
bat –Un saco de follaxe-* (Susa, 2003).






Xabi
Borda
(Azpeitia, 1981).


Estudiante de enxeñeiro de Telecomunicación. Após publicar os seus primeiros poemas na revista literaria local *Literatuzta*, en 2004 sae á luz o seu primeiro libro: *Birika Zatiak* (Poesía, Susa). En 2006 publicou o seu segundo libro, a biografía do grupo de rock vasco: *Jotakie Urolan pop* (Crónica, Gaztelupeko Hotsak). Actualmente, está traballando nun libro de poesía: *Zutabe Eraitsiak* (proxecto premiado na VI edición das bolsas literarias Joseba Jaka).

... e a súa obra, que se desenvolveu a través de diferentes linguaxes literarias, desde a poesía até a narrativa, pasando polo teatro e o ensaio. A súa obra, que se desenvolveu a través de diferentes linguaxes literarias, desde a poesía até a narrativa, pasando polo teatro e o ensaio. A súa obra, que se desenvolveu a través de diferentes linguaxes literarias, desde a poesía até a narrativa, pasando polo teatro e o ensaio.



Ma-
rica
Campo
(Val do Mao,
O Incio, 1948).

Mestra de profesión, o seu labor literario atinxiu tanto a narrativa como a poesía, xénero no que acadou maior recoñecemento. Algúns dos seus títulos máis salientábeis son os seguintes: o libro de poemas *Tras as portas do rostro* (1992), *Memoria para Xoana* (Premio de Narrativa Concello de Vilalba, 2001), *Pedinche a luz prestada* (I Premio Fiz Vergara Vilariño, 2001). O poemario para crianzas *Abacadabras* mereceu o premio Arumes en 2006.



Celso

Fernández

Sanmartín

(Lalín, 1969).

Traballa de animador socio-cultural

e gosta de auto-editar os seus libros. Até

o momento ten publicado *Divagacions in*

(1991), *o tigre das cenorias* (1994), sen título

(1995), *propiaamente son captivo* (Letras de

Cal, 1997), *fucsia, talladas, estampado,*

boca (1997). Foi incluído na antoloxía

de fests 2000 (Letras de Cal, 2000).

Tamén ten colaborado na revista

Amastre-N-Gallar.



Pau Gener
Galini (Sant Celoni,
Barcelona, 1977)

Poeta, escritor e intérprete
multidisciplinar.

Desde mui novo fortemente involucrado no mundo do teatro, a literatura e a música. Formou-se como actor e dramaturgo. Trabalha em diversos ámbitos teatrais, produzindo e dirigindo os seus próprios textos. Funda e colabora em numerosas bandas de rock do underground catalán. Realiza numerosas actuações ao vivo onde mistura com éxito várias disciplinas, poesia, teatro, música...

Em 2002 publica-se o seu primeiro livro de poemas *Si al final no vinc i m'esperes*. Este livro acada umha importante notoriedade e um remarcável volume de vendas, que força umha segunda edição no ano 2003.

Em 2005 publica-se o livro *No Calla*. A actividade ao vivo do poeta dispara-se, apresenta o livro e actua ao longo de toda a v Catalunya, também é convidado no estado español.



No ano 2006 mora em Brooklyn, New York City, onde evoluciona na actuaçom poética em directo. Actua em diversos locais, bares, teatros e centros culturais dos Estados Unidos de América.

As suas actuações continuam na Catalunya, adaptando os formatos das suas leituras aos lugares onde actua, sempre é umha mistura imprevisível e viva, fazendo de cada actuaçom umha aventura.

C Francisco Alvarez-Koki
A Guarda 1957. Reside en Nova York
dende o ano 1984, donde desenvolve unha
constante actividade cultural, tanto en
galego como en castelan. As suas
ultimas publicacións son: *Mais alo de Fiste-*
rre (1991) *Entre dos aguas* (1995)
Abril e amantes (2003) *Seis*
narradores en Nueva York (2006). E coautor
co poeta colombiano da peza de
teatro *Quemar las naves*, primeiro premio
de teatro latino en Nova York,
tamen do premio Federico Garcia Lorca e

do Circulo de escritores e poetas
Iberoamericanos. Sotelo Blanco
Edicions, acaba de sacar o seu
primeiro libro

de relatos *Ratas en Manhattan*.



Delmar
Maia Gonçalves
nasceu a 5 de Julho de
1969 em Quelimane, na
República de Moçambique.
É professor do Ensino Básico,
especializado e pós-graduado em
Relações Internacionais Africa-
nas. Está representado em várias
antologias nacionais e interna-
cionais. É colaborador de vários
jornais e revistas. É embaixador da
paz na organização internacional
The Interreligious and Internacio-
nal Federation for World Peace.
É Membro fundador do Centro
Cultural Luso Moçambicano;
membro fundador do Espaço Rui
de Noronha – Associação; membro
do Instituto Paulo Freire de Por-
tugal; da Associação de professores
de Português; membro fundador
do Movimento Jovem Moçambi-
cano de Intervenção Cultural em
Portugal e membro fundador da
AIDGLOBAL-ONGD.

É
autor do livro
de poesia *Moçambique
novo, o enigma*, Editorial Miner-
va, Junho de 2005, do livro de poesia
Moçambiquizando, Editorial Minerva,
Março de 2006, do livro *Afrozam-
beziando Ninfas e Deusas*, Edições Mic,
Junho de 2006 e do livro de poesia
Meștiço de corpo inteiro, Editorial Mi-
nerva, Novembro de 2006.
O autor foi premiado com o Prémio
Português de Literatura Juvenil Fe-
rreira de Castro em poesia e em 2006
com o prémio literário África Today.

Lucía Novas naceu en Bueu en 1979. Licenciada en Filoloxía Galega, comezou na poesía na adolescencia, gañando o Premio Minerva de Poesía en 1996 e 1997. Grazas a obter o Premio Concello de Carral (2000), ve publicado o seu primeiro libro, *Epiderme de estío* (Espiral Maior, 2001). No ano 2000 tamén recibe os premios Faústino Rey Romero e Universidade de Vigo. Poemas da súa autoría aparecen recollidos nas antoloxías *Das sonoras cordas, 20 poetas dende Galicia* (Madrid: Eneida, 2005) e *Poetízate, Antoloxía da poesía galega* (Xerais, 2006), así como nos volumes colectivos dos premios da Universidade de Vigo (Xerais, 1998, 1999, 2000, 2001), XVI *Festival de Poesía Salvaterra de Miño* (2002), *O trazo aberto. Poesías e debuxos* (Dep. Pontevedra, 2002), *Negra Sombra. Intervención poética contra a marea negra* (Federación de libeiros de Galicia, Espiral Maior, Xerais,

2003), *Homenaxe a Ánxel Casal* (AELG, 2005), XI Certame Francisco Añón de Poesía (Concello de Outes, 2005), *XX Festival da Poesía no Condado. 25 anos construíndo futuro*. Antoloxía poética (2006) e *Cartafol poético para Alexandre Bóveda*. (Espiral Maior, Xunta de Galicia, 2006).


Manuel
Outeiriño naceu
en Ourense en
1962. Na actua-
lidade é profesor de
na Facultade de
Xornalismo da
Universidade
de Santiago de
Compostela.

Ten publicados
os seguintes
libros de poesía:
*Depósito de
espantos* (1994),
*Letras venci-
das* (1999) e
É (2005). É

salientábel a
súa tarefa como
tradutor, xa
que verqueu ao
galego a obra de
poetas cataláns
como Joan
Vinyoli, Gabriel
Ferrater ou Joan
Fuster e a de
autores anglófo-
nos como Derek
Walcott ou
Seamus Heany.



*Raida Rodríguez Mosquera:
A poesía é na procura de espazos
de liberdade en contra das lin-
guaxes impostas polo Poder.
Nacín na cidade de Ourense en
setembro de 1980, pero a miña
vida transcorreu entre Espiñeiros
(Ourense) e Compostela, onde
curvei estudos de Filosofía, ata
que viñen rematar a licenciatura
en Barcelona, cidade na que levo
vivindo catro anos.
Actualmente curso Estudos de
Asia Oriental, e publico os meus
poemas nun blogue. (puntedefu-
ga.blogaliza.org).
Obtiven o 1º premio no certame
de poesía Rosalía de Castro de
Cornellá no 2005*



Ana Romani.

Noia

(A Coruña) 1962.

Escritora e xornalista. Desde 1990 dirixe o programa “Diario Cultural” da Radio Galega recoñecido co diversos galardóns entre eles o I Premio Irmandade do Libro (1992). Premio Xerais á cooperación no labor cultural (1999) e Premio da Asociación de Escritores en Lingua Galega (2007). Autora dos poemarios “Palabra de Mar” (ed de autora, 1987), “Das ultimas mareas” (ed Espiral Maior, 1994), “Arden” (ed Espiral Maior, 1998), “Love me tender. 24 Pezas mínimas para unha caixa de música” (col. Poeta en Compostela, 2005) e o conto “Marmelada de amoras” (col. Biblioteca Nova 33, 1997). A súa obra está recollida en diversos libros colectivos e antoloxias.

Realiza a “Antoloxia de Anton Avilés de Taramancos”, Ed Galaxia (2003). Coordina e promove o volume de relatos “Narradio. 56 historias no ar”, (relatos escritos para a radio por 56 escritores e escritoras galegas) Ed Xerais (2003) do Diario Cultural da Radio Galega, e o I Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico organizado pola Radio Galega e o CDG (2006). Autora das biografías de Maria Mariño, Belen Feliú e Xela Arias para “Album de Mulleres” da web www.culturagalega.org. Co-autora do estudo “Muller e Medios de Comunicación. Imaxe e Protagonismo.”

Creou e participou en distintos proxectos artísticos, entre eles “Son Delas” coordinado por Uxia Senlle. “Lob*s” (1998) con Anton Lopo, “Éstalactitas” (2002) con Anxos Romeo e Lupe Gomez, “Catro poetas suicidas. Intervención poética contra a levidade” (2002) en solitario, e “A voz e o poema. Os periplos de Avilés de Taramancos” (2003) con Anxo Quintela.

Pedro Ribeiro

nasceu no Porto em Maio

de 1968. Publicou os livros de poesia

“Saloon” (2007, Edições Mortas), “Declaração de

Amor ao Primeiro-Ministro” (2006, Objecto cardíaco),

“Á Mesa do Homem Só. Estórias” (2001, Si-

lêncio da Gaveta) e “Gritos. Murmúrios” (com

Rui Soares, 1988). É vocalista da banda

punk-rock performativa e há 20 anos que

participa regularmente em espectá-

culos de poesia e performan-

ces poéticas, teatrais

e musicais. É

licenciado


em So-

ciologia

e foi

fun-

da-



A.

Pedro Ribeiro

nasceu no Porto em Maio

de 1968. Publicou os livros de poesia

“Saloon” (2007, Edições Mortas), “Declaração de Amor

ao Primeiro-Ministro” (2006, Objecto cardíaco), “Á Mesa

do Homem Só. Estórias” (2001, Silêncio da Gaveta) e

“Gritos. Murmúrios” (com Rui Soares, 1988). É vocalis-


ta da banda punk-rock performativa e há 20 anos que

participa regularmente em espectáculos de poesia

e performances poéticas, teatrais e musicais. É


licenciado em Sociologia e foi fundador da revista

literária “Aguasfurtadas”.



Daniel Salgado
naceu en Monterroso
contra 1981. Publicou *Sucedo*
(2004), *días no imperio* (2004) e *Éxodo*
(2006). Traballa como xornalista, confía
nos poemas de Bertolt Brecht ou de René
Char e aínda considera operativa a distinción
política entre esquerdas e dereitas.

Roi Vidal (Compostela, 1982). Licenciado en Filoloxía Galega, na actualidade realiza os estudos de Arte Dramática na especialidade de Dirección de Escena na ESAD de Vigo. Como dramaturgo publicou algunhas pezas breves en revistas como Nova Ólisbos nº0 (*Reñtrollos de Vertedoiro*), Revista das Letras nº662 (*A última tentación de Edipo*) ou Casahamlet nº 9 (*Xulieta's Black Hole*). Como poeta, aliás de diversas colaboracións en volumes colectivos, deu a coñecer o seu micro-poemario *Amort* na Revista das Letras no verán do 2006. Tamén publica crítica literaria e crítica teatral nos medios especializados e é cofundador dos Cadernos de Cultura e Derrube, do proxecto editorial Estaleiro Editora e do grupo de rock de serie B Ataque Escampe, no que é responsábel das seccións de percusións e de ventos.



Os poemas de Pau Gener Galin foron traducidos ao galego por Brais Estêvez Vilarinho.

Fotografía de Marica Campo: Xurxo Lobato.

Fotografía de Pau Gener: Helen Goddard.

Coordenaron a edición Isaac Lourido, Irene Cancelas, Nadina Bértolo e Carlos Barros.

Agradecemos a colaboración de Carlos Negro, Cristina M. Teixeira e Brais Estêvez.

Contou-se com a promoción de Adegas Galegas, Adegas Fillaboa, Industrias Ferri e Fergari Persianas.

Tirarom-se
800 exemplares
desta antologia
do 21 Festival
da Poesia no
Condado
compostos en
Adobe Caslon Pro,
11/13,2 pts.

Festival da Poesia no Condado

Resistir a história, ganhar dignidade

Inteligência poética

